

MC-05 Medición da satisfacción dos grupos de interese

R1 MC-05 Informe de resultados de satisfacción propios do centro

Centro: Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Curso académico de elaboración: 2024/2025

Curso académico avaliado: 2023/2024

Aprobado en Comisión de Calidade o 21/10/2025

Vigo, a 21 de outubro de 2025

Guillermo García Lomba
Coordinador de Calidade

1 Introducción

Na sesión da Comisión de Calidade celebrada o 30/10/2020 aprobouse unha nova Política e obxectivos de calidade do centro (Anexo 4 do Manual de Calidade) na que se incorporou un novo obxectivo ligado á valoración da organización e desenvolvemento das materias TFG e TFM, das cales non se tiña ningún tipo de *feedback* por parte do estudantado. Na seguinte sesión, celebrada o 16/12/2020, aprobouse a inclusión dun novo indicador, específico do centro no *Panel de indicadores* (registro *R1 DE-02*). Trátase do indicador *I07(2)-DO Valoración agregada da organización e desenvolvemento das materias TGF e TFM*, que requiriría a introdución dalgunha pregunta relativa a este tema nas enquisas de satisfacción ás persoas egresadas ou, se non fora posible, a elaboración dunha enquisa propia (no marco do procedemento MC-05). Este novo indicador ten a súa orixe na acción de mellora M40, declarada no *Informe de Revisión pola Dirección* do curso 17/18 (registro *R1 DE-03*) para paliar a ausencia de información sobre a valoración por parte do alumnado do desenvolvemento do TFM e esténdese ao TFG.

Tras varias conversas coa Área de Calidade da Universidade de Vigo, decídese optar pola segunda opción e se procede a deseñar unha enquisa propia para o centro, xestionada dende a Área de Calidade, que iría dirixida ás persoas egresadas das 3 titulacións impartidas e focalizada no novo indicador *I07(2)-DO*.

En xuño de 2021 a Área de Calidade achega unha primeira proposta de enquisa. Entre xuño e setembro fanse sucesivas revisións do deseño da mesma e tómase a decisión de efectualala no cuarto trimestre do ano coa poboación das persoas egresadas nos últimos 3 cursos (20/21, 19/20 e 18/19) dos graos e do máster impartidos no centro. A enquisa lánzase finalmente o 27 de outubro de 2021, enviándose a 146 persoas egresadas. Cabe indicar que 8 persoas egresadas declinaron participar polo que a poboación efectiva da enquisa foi de 138.

En febreiro de 2023 lánzase a segunda edición da enquisa, dirixida ás persoas egresadas no curso 21/22 das 3 titulacións impartidas no centro, enviándose a 34 persoas egresadas. A primeiros de abril de 2023 a Área de Calidade achega un arquivo excel cos resultados acadados e a súa análise levouse a cabo no marco do *Informe de Revisión pola Dirección* (registro *R1 DE-03*) do curso 21/22.

En novembro de 2023 lánzase a terceira edición da enquisa, dirixida ás persoas egresadas no curso 22/23 das 3 titulacións impartidas no centro, enviándose a 23 persoas egresadas. A mediados de xaneiro de 2024 a Área de Calidade achega un arquivo excel cos resultados acadados. Nesta edición, coa introdución dos novos indicadores dos Programas de Calidade e dos novos indicadores institucionais da Universidade de Vigo e a utilización do novo Cadro de Mando (registro *R1 DE-02*), os resultados da enquisa pasan a recollerse nun indicador do programa estratéxico do centro para cada titulación (indicador *I50-12*). A súa análise lévase a cabo no marco do *Informe de Revisión pola Dirección* (registro *R1 DE-03*) do curso 22/23.

En novembro de 2024 lánzase a cuarta edición da enquisa, dirixida ás persoas egresadas no curso 23/24 das 3 titulacións impartidas no centro, enviándose a 36 persoas egresadas. A finais de xaneiro de 2025 a Área de Calidade achega un arquivo excel cos resultados acadados. Os resultados da enquisa trasládanse ao Cadro de Mando (rexistro *R1 DE-02*), para cada titulación, no indicador I50-12 do programa estratéxico do centro. A súa análise lévase a cabo no marco do *Informe de Revisión pola Dirección* (rexistro *R1 DE-03*) do curso 23/24.

2 Ficha técnica do proceso

Grupo/s de interese aos que vai destinada a enquisa ou o proceso de medición de satisfacción	Persoas egresadas no curso 23/24 dos graos e do máster impartidos no centro
Aspecto/cuestión que se somete a avaliación da satisfacción	Indicador <i>I50-12 Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento da materia TFG e TFM (antigo I07(2)-DO)</i>
Responsable da actividade	Área de Calidade da Universidade de Vigo
Período de recollida de datos	13 de novembro de 2024 – 23 de xaneiro de 2025
Técnica de recollida de datos	Cuestionario xestionado a través da plataforma <i>Lime Survey</i> . O proceso de obtención de datos foi coordinado dende a Área de Calidade da Universidade de Vigo.
Obxectivos da avaliación	
Coñecer a valoración das materias TGF e TFM por parte das persoas egresadas do centro tanto en relación a súa organización como ao seu desenvolvemento	
Datos técnicos	
Poboación	
Persoas egresadas do Grao en Enxeñaría da Enerxía (GEE), do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (GERME) e do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (MUEM) no curso 2023/2024	
Criterios de selección (da mostra, das persoas entrevistadas ou das persoas participantes)	
Non se realizou selección de participantes. A mostra coincide co total da poboación obxecto da enquisa	
Tamaño da mostra (número de persoas entrevistadas ou número de participantes)	
Enquisa achegada a 36 persoas, das que participaron 8	
Metodoloxía, técnica ou modelo para a recollida de datos	
Cuestionario xestionado a través da plataforma <i>Lime Survey</i> :	

Universidade de Vigo

Área de Calidade

Enquisa de satisfacción do alumnado sobre o desenvolvemento do TFG/TFM na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Poboación:	Estudantado egresado das titulacións oficiais da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Titulacións	V09G290V01: Grao en Enxeñaría da Enerxía V09G310V01: Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos V09M148V01: Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
Curso	2023/24
Escala:	De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)

Cuestións		Respostas
1	Consideras axeitada a información recibida sobre a organización do TFG/TFM (elección de temáticas e titores/as, prazos, procedemento de exposición do TFG/TFM e criterios de avaliación e cualificación)?	De 1 a 5
2	No caso de considerar que a información recibida non é suficiente, indica en que temas a información é escasa, non accesible ou pouco clara.	Resposta aberta
3	O/A titor/a realizou un seguimento e revisión axeitado no proceso de deseño e elaboración do TFG/TFM?	De 1 a 5

13 de Novembro de 2024 - 23 de Xaneiro de 2025

3 Cuestionario, guión ou ferramenta empregada

Cuestionario de 3 preguntas:

- *Ítem 1. Consideras axeitada a información recibida sobre a organización do TFG/TFM (elección de temáticas e titores/as, prazos, procedemento de exposición do TFG/TFM e criterios de avaliación e cualificación)? (Valoración de 1 a 5)*
- *Ítem 2. No caso de considerar que a información recibida non é suficiente, indica en que temas a información é escasa, non accesible ou pouco clara. (resposta aberta)*
- *Ítem 3. O/A titor/a realizou un seguimento e revisión axeitado no proceso de deseño e elaboración do TFG/TFM?(Valoración de 1 a 5).*

4 Resultados e análise

No marco do Informe de Revisión pola Dirección 2023/2024 levouse a cabo a análise dos resultados acadados na enquisa. Indícanse a continuación os máis relevantes.

Para o **Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (GERME)** a participación foi do 0% (igual que no curso anterior). Cabe sinalar que a poboación de partida é moi pequena pero estanse a habilitar novos canles de información para tratar de fomentar a participación na enquisa.

Para o **Grao en Enxeñaría da Enerxía (GEE)** a participación foi do 27% (a do curso anterior foi do 50%). A valoración das preguntas foi a seguinte:

- *Ítem 1. Consideras axeitada a información recibida sobre a organización do TFG (elección de temáticas e titores/as, prazos, procedemento de exposición e criterios de avaliación e cualificación)?* Valoración 4.00 sobre 5 (a do curso anterior foi de 3.50).
- *Ítem 3. O/A titor/a realizou un seguimento e revisión axeitado no proceso de deseño e elaboración do TFG?* Valoración 4.43 sobre 5 (a do curso anterior foi de 4.25).

A valoración de ambos epígrafes mellorou con respecto á do curso anterior, aínda que se están a habilitar máis canles de información para tratar de mellorar esta valoración e aumentar a participación na enquisa.

Para o **Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (MUEM)** a participación foi do 33% (a do curso anterior foi do 0%). Cabe sinalar que a poboación de partida é moi pequena e que soamente se achegou unha resposta. A valoración das preguntas foi a seguinte:

- *Ítem 1. Consideras axeitada a información recibida sobre a organización do TFG (elección de temáticas e titores/as, prazos, procedemento de exposición e criterios de avaliación e cualificación)?* Valoración 4.00 sobre 5.
- *Ítem 3. O/A titor/a realizou un seguimento e revisión axeitado no proceso de deseño e elaboración do TFG?* Valoración 5.00 sobre 5.

Neste caso a valoración é boa, dado que se incrementou a participación con respecto ao curso anterior e a valoración dos ítems supera en ambos casos os catro puntos sobre cinco.

Por outra parte, en canto á pregunta de resposta libre incluída no cuestionario:

- *Ítem 2. No caso de considerar que a información recibida non é suficiente, indica en que temas a información é escasa, non accesible ou pouco clara.*

soamente se achegaron dúas aportacións do GEE:

- *“En canto ao tempo máximo para a presentación da defensa do TFG, había información contraditoria, pois no documento dispoñible en moovi puña que eran 20 minutos, mentres que na norma da web da escola puña máximo 15 minutos. Por outra parte, o feito de cambiar a plantilla da memoria que había dispoñible en moovi, a poucas semanas de ter que entregar o documento, foi un pouco estresante, porque se xa o tiñas medio terminado, un cambio no formato ou na fonte do word podíache desenganar o traballo feito.”*
- *“No curso 2023/2024 non recibimos ningún tipo de información ata o mes de abril. Nin sobre a posibilidade de elección de temas propostos dende a universidade, nin sobre como buscar un titor/a ou quen podería ser titor/a. Ademais, fixéronse moitas modificacións de última hora nas plantillas sen informar aos alumnos correctamente.”*

En relación a estes comentarios, cabe sinalar que no documento sobre a tramitación do TFG na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, dispoñible en Moovi para o curso 2023/2024, se indica de forma clara que o tempo máximo de exposición é de 15 minutos, polo que non existe a contradición á que se fai referencia. En canto á plantilla da memoria, cabe sinalar que esta ten un carácter meramente recomendatorio, tal e como se indica tanto ao inicio do documento dispoñible en Moovi como no espazo de traballo do módulo de Sigma e no propio Regulamento de TFG da Escola (Título 4, Artigo 13), onde se recolle literalmente: *“O formato básico da memoria, en canto ao tipo de letra, configuración de parágrafos, cabeceiras, marxes das páxinas etc., é libre, aínda que existirá un documento modelo a disposición do estudantado para facilitar a redacción. Recoméndase que a extensión máxima da memoria sexa de 80 páxinas (caras), incluída toda a documentación necesaria (anexos, planos...)”*. Polo tanto, o uso da plantilla non é obrigatorio, senón unha ferramenta de apoio pensada para orientar e facilitar o traballo do estudantado na redacción da memoria.

Cabe sinalar que as posibles dificultades que puideron xurdir durante o curso 2023/2024 en relación coa información sobre o TFG/TFM, foron, en gran medida alleas ao centro e relacionadas coa implantación na universidade da nova plataforma de xestión académica, *Sigma*. En particular non se convocou ás persoas coordinadoras das titulacións do centro ata o 21 de marzo de 2024. Nesa sesión proporcionáronse ás persoas coordinadoras as instrucións sobre a nova xestión do módulo do TFG en *Sigma*. A partir dese momento, as persoas coordinadoras de grao comezaron a traballar intensamente na posta a punto do novo módulo de TFG en Sigma, da actualización do Regulamento de TFG na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e na elaboración das guías de traballo dirixidas a persoas coordinadoras de titulación, profesorado e estudantado, co propósito de facilitar un proceso máis claro, estruturado e eficiente, tendo todo este traballo finalizado no mes de maio. Laméntanse as molestias que se poidan ter ocasionado e agrádecese profundamente a comprensión e colaboración do estudantado durante este período de transición a un novo sistema de xestión.

Por outra banda, cabe sinalar que a relación coa oferta de temas se publica anualmente na web do centro o mes de outubro; concretamente, no curso 2023/2024 os temas de TFG publicáronse na páxina web do centro en outubro de 2023. Así mesmo, en todos os cursos académicos está dispoñible en Moovi un documento en formato PDF no que se recollen detalladamente os pasos a seguir para a tramitación do TFG, así como os contactos das persoas coordinadoras e da Xefa do Negociado da EME. No que respecta ás modificacións de última hora nas plantillas, estas déronse como consecuencia da aprobación do novo regulamento do TFG, necesaria para adaptar o proceso ao novo módulo de xestión de Sigma.

5 Conclusións

Con carácter xeral mantense como obxectivo fomentar a participación das persoas egresadas na enquisa. Por este motivo informárase da enquisa e das consecuencias que ten para o estudantado a recollida da valoración do desenvolvemento de TFG/TFM. Cabe indicar que se trata dunha enquisa creada o curso 2021/2022 e, polo tanto, é probable que o estudantado aínda non estea familiarizado con ela.

Pódese concluír que, en relación á valoración do TFG, o labor de titorización lévase a cabo axeitadamente e que é pertinente revisar o procedemento habilitado para a información do desenvolvemento de TFG.